

## **Ola familias,**

Desexamos que sigades todas ben.

Esta semana preparamos actividades que podeades facer sen imprimir, para elaboralas na casa so precisamos papel e rotulador, lapis, cera...

Na primeira parte do documento explícase como realizar estas actividades, e na segunda, as fichas para imprimir.

**Nas actividades para elaborar** se recollen actividades con números, con letras, con formas xeométricas, con series e para recortar. Se realizades estas actividades non é preciso realizar as actividades para imprimir.

**Nas actividades para imprimir** recóllense actividades con números, con formas xeométricas e con series. Polo que completaranse coas actividades anteriores.

## PARA COMEZAR

Elaboramos as tarxetas, cun folio podemos facer 12 tarxetas de bo tamaño.

Dobramos o folio en catro partes iguais. Recortamos e quedan 4 tiras, cada a tira a dobramos en tres partes. **Esta é unha opción.**

Poden recortalas os nenos e nenas ou un adulto.




## ELABORAR TARXETAS DE NÚMEROS

Coas tarxetas recortadas os nenos poden escribir en cada tarxeta un número. É recomendable facer dúas tarxetas de cada número xa que serán necesarias para algunhas actividades. Os números que escriban depende de o neno, poden ser do 1 ao 6, do 1 ao 9...

## ELABORAR TARXETAS DE DEBUXOS

Igual que as tarxetas de números, as nenas e os nenos poden facer os debuxos. Estas tarxetas serán para asociar o número coa cantidade así que teremos en conta os números escritos nas tarxetas, Si escribiron do 1 ao 6 farán unha tarxeta con 1 debuxo, outra con 2, outra con 3...



## ELABORAR TARXETAS DE LETRAS

Estas tarxetas son para compoñer palabras, así que serán necesarias varias de cada letra, especialmente das vogais e letras que máis se empregan como M, L, S, P, T...


Poden escribir algunhas as nenas e nenos e outras un adulto, irmán maior..., para facilitarlles a tarefa.

## ACTIVIDADES CON NÚMEROS



- **Asociar número e cantidade:** con obxectos que teñades por casa ou coas tarxetas de debuxos.



- **Busca o número agochado:** Escribir nunha folla varios números varias veces (poden facelo os nenos). Despois colles unha tarxeta cun número e ten que rodear os números iguais ao da tarxeta.



- **Busca o número perdido.** Colocar as tarxetas dos números por orde, quitar unha ou varias. As nenas teñen que buscar o número que falta.





- **Sumas:** é recomendable empregar obxectos para acompañar as tarxetas.



## ACTIVIDADES CON LETRAS


- **Busca a letra agochada:** Nunha folla escribir letras soltas (poden facelo as nenas e nenos e completalo un adulto). Na parte de arriba facer un cadrado ou círculo e escribir unha letra. Os nenos teñen que buscar as letras que sexan iguais á de arriba e rodealas. Pódese engadir outro recadro e que os nenos e nenas conten cantas veces rodearon a mesma letra.



- **Escribe:** Escóllese unha letra e escríbense nomes ou palabras que a conteñan. Despois poden rodear a letra.





- **Compoñer palabras:** Utilizar as letras para compoñer palabras. O adulto pode escribir a palabra e o neno busca as letras para compoñela vendo o modelo, ou pode compoñer as palabras so.




**SERIES:** con calquera obxecto que teñades por casa.




**Formas xeométricas concéntricas:** o adulto debuxa unha forma xeométrica pequena unha vez ou varias veces nun folio. A nena e o neno teñen que repetir as formas. Pódese facer cunha soa forma ou mesturar varias no mesmo folio.



**Recortar:** poden comezar con liñas rectas sinxelas e despois complicalas con diferentes trazos, ondulado, zig-zag, espiral...



Na seguintes páxina recollemos as actividades **para IMPRIMIR.**



CANTOS HAI? CONTA E ESCRIBE O NÚMERO.




HAI UN NÚMERO AGOCHADO, ONDE ESTÁ? CANDO O ATOPES, RODÉAO.

2 5 **7** **5** **6** 1 0 5 4 3 9

8 3 5 **2** **1** **3** 4 6 7 8 9 7

5 4 0 1 **2** **3** **7** 9 8 6 4

0 **8** **2** 1 3 6 4 7 6 7 9








1	2	3	4		6		8	9	10
1		3	4		6		8	9	
		3	4	5		7			10
1				5				9	
	2		4		6		8		
	2			5		7			10
1		3	4			7	8		

ESCRIBE OS NÚMEROS QUE FALTAN.











FORMAS XEOMÉTRICAS CONCÉNTRICAS.





CANTOS HAI SE OS XUNTAMOS? SUMA.





COMPLETA AS SERIES.

